




# VAL DA MORTEIRA


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 18 km (completa)

**Dificultade:** media

**Duración:** 6 horas



Lagoa do Ocelo

O val da da Morteira é produto da acción glaciá. Está situado nas abas occidentais da Serra Calva, coroado polo Sextil Alto (1.757 m) e os Altos a Corraliza. Está incluído no LIC PENA TREVINCA e valado como coto privado de caza maior.

Acolle importantes valores naturais: lagoas de orixe glaciá (O Ocelo, Sextil, A Laceira), circo e val glaciá, bosques autóctonos, turbeiras... cunha variada flora e fauna natural e introducida (cervos, muflóns...).

No seu interior hai a posibilidade de facer diversas rutas.

A ruta completa (uns 18 km) inclúe a visita ás lagoas, o fondo do val da Morteira e os bosques.

**COMO CHEGAR:**

Desde Xares cóllese a pista que sae a carón do Hotel “El Ciervo” e percorre o interior do coto de caza.

Recoméndase ir primeiro ás lagoas e logo baixar á Morteira.



A serra Calva vista desde A Morteira



A Laceira



Cumes da serra Calva



Turbeiras



Bosque de bidueiros no fondo do val da Morteira



Fervenza no rego do Cavorco



O val da Morteira desde os cumes



Bidueiros